

IMPRESIÓN E MODELADO 3D (1º BAC)

RECOMENDADA PARA:

É unha **materia moi versátil, que potencia e estimula a creatividade**. Ten múltiples campos de aplicación e moito futuro. Pódese recomendar especialmente a alumnado que desexe continuar **formación universitaria de carácter técnico** (enxeñerías, arquitectura) ou relacionado co deseño, pero tamén a **alumnado con inquietudes creadoras e artísticas** (escultura, deseño téxtil, maquetación)

Tamén resulta moi recomendable para alumnado que desexe facer **ciclos formativos de grao superior** das ramas de **Electricidade e Electrónica, Edificación e obra civil, Fabricación mecánica, Madeira e moble (deseño en carpintería)**.

CARGA HORARIA SEMANAL

1 hora en 1º de bacharelato

CONTIDOS

A materia de Tecnoloxía Industrial aborda os seguintes temas:

PRINCIPIOS DE DESEÑO 3D: Uso avanzado do programa de deseño 3D Sketch-Up ou similar. Parámetros de uso, interface e ferramentas usuais (extrusión, rotación, revolución, operacións booleanas)

PREPARACIÓN DE MODELOS 3D PARA IMPRESIÓN: Optimizar os modelos para facilitar a impresión e formatos de exportación comúns. Programas de laminación.

INTRODUCCIÓN A IMPRESIÓN 3D: Repaso das tecnoloxías actuais de impresión analizando as vantaxes e puntos débiles de cada tecnoloxía.

MANEXO DE IMPRESORA 3D: Compoñentes da impresora 3D de fusión de plástico. Operacións de mantemento, nivelado, carga e substitución de filamento. Impresión de modelos propios e obtidos de repositorios libres.

PROXECTO: Realización dun proxecto propio consistente no deseño e impresión de un obxecto composto de varias pezas, relacionado cos intereses do alumnado.